



bngcomarcas

BOLETÍN INFORMATIVO QUINCENAL DA COMARCA DE PONTEVEDRA

Nº 23. 24 de maio de 2013

Páx 2

**PARLAMENTO:**

Proposición Non de Lei  
sobre ENCE

Páx 3-5

**ANÁLISE:**

Desmontando un sistema  
cruel e corrupto. As  
políticas sociais nos  
Concellos

Páx 6

**PONTEVEDRA:**

Discurso de Lores na  
homenaxe popular a Vidal  
Bolaño

Páx 7

**PONTEVEDRA:**

As mulleres na loita polas  
liberdades e os dereitos de  
Galiza

Páx 8

**PONTEVEDRA:**

Gafos, Tomeza, San Amaro e  
Avenida de Vigo

Páx 9

**CALDAS**

O BNG pide a demolición do  
encoro

**SOUTOMAIOR**

O BNG denuncia a  
incapacidade do alcalde

**BARRO**

O BNG solicita o  
mantemento do xulgado  
de paz e a gratuidade do  
registro civil

Páx 10

**ACTIVIDADE POLÍTICA**

Páx 11

**AS MOBILIZACIÓNS EN  
IMAXES**

**CONTRACAPA:**

**Simposio A REPRESIÓN  
FRANQUISTA EN GALIZA**

**Sábado 1 de xuño ás 19:30 h.  
desde as alamedas de Pontevedra e Marín**

# **MARCHA CONTRA ENCE**



## Galiza ten competencias exclusivas para ordenación do seu litoral O BNG insta á Xunta a que exerza as súas competencias e impida a consolidación de ENCE en Lourizán



As deputadas Montse Prado e Ana Pontón veñen de presentar no Parlamento Galego unha Proposición Non de Lei para que a Xunta de Galiza non se lave as mans e exerza as súas competencias exclusivas na ordenación do litoral para impedir que o complexo contaminante ENCE-ELNOSA poida continuar en Lourizán, amparándose na nova Lei de Costas do Estado, máis alá de xullo de 2018, data en que caduca a súa concesión.

Neste sentido, as deputadas nacionalistas urxen á Xunta á inmediata redacción, tramitación e aprobación da seguinte modificación da Disposición Adicional 3º do POL, de xeito que quede meridianamente claro que ENCE ten que abandonar a súa ubicación: *“En coordinación co establecido nas DOT, no espazo actualmente ocupado polas instalacións da empresa Ence situadas en Lourizán, na ría de Pontevedra, prevese un ámbito de recualificación sobre a Área de Mellora Ambiental e Paisaxística. O obxecto desta área é o da*

*recuperación do espazo que deberá quedar, en todo caso, vacante nun prazo máximo que remata no mes de xullo do ano 2018.”*

### O PP quita a careta

Nos últimos días destacados dirixentes do PP como Feijoo, Rueda ou Louzán veñen de facer declaracións públicas nas que abrían a posibilidade de que ENCE fiquen onde está, estragando a plena recuperación da nosa ría. Pero non é nada novo. De feito, o BNG xa denunciou que todas as accións de goberno do Partido Popular a respecto de ENCE foron destinadas á consolidación da pasteira na súa actual ubicación. A modificación da Lei de Costas só é a última das decisións, que permite unha privatización encuberta do dominio público 75 anos máis en beneficio dunha empresa privada, contaminante, que impide o crecemento económico e social da comarca e que conta co rexeitamento da maioría social da cidadanía.



No BNG somos conscientes que, alén das iniciativas institucionais, para conseguir a recuperación plena da ría é necesario unha forte presión social. Por iso o BNG convida a toda a cidadanía a participar na MARCHA CONTRA CELULOSAS convocada pola APDR para o sábado 1 de xuño ás 19:30 h. con saída das alamedas de Pontevedra e Marín.

Asemade, convidámoste a asinar a iniciativa que a APDR ten en [change.org](https://www.change.org). Para facelo tes que cliclar no seguinte enlace:

<https://www.change.org/es/peticiones/xunta-da-galiza-impidamos-a-pr%C3%B3rroga-de-ence-en-louriz%C3%A1n>

EXTRACTO DA INTERVENCIÓN DE CARMÉ FOUCES  
NAS XORNADAS NACIONAIS DE POLÍTICA SOCIAL ORGANIZADAS POLO BNG

## Desmontando un sistema cruel e corrupto: A política social nos Concellos

As competencias en política social están repartidas entre o Estado e a Xunta. Ao Estado tócanlle política laboral, economía xeral, prestación por desemprego, pensións e xustiza. Á Xunta, pola súa banda, se lle reservan sanidade, educación e servizos sociais/benestar. Esta é a arquitectura competencial que recolle o ordeamento lexislativo español da Constitución para abaixo.



Posteriormente, a Lei 13/2008 dos Servizos Sociais de Galiza puxo en mans dos concellos as chamadas “competencias” nos servizos comunitarios básicos, mais sempre no marco da planificación que fai a Xunta e garantindo a mesma oferta e a mesma calidade independentemente de onde se viva. É obvio que na práctica hai enormes diferenzas entre Concellos.

### De onde saen os cartos para financiar os Servizos Sociais?

Desde que en 1988 se asinase o primeiro convenio entre Estado, comunidades e concellos do que naceu o Plan Concertado o proceso segue máis ou menos igual:

1. A Xunta diseña o Plan Concertado e, supostamente, está obrigada a financiar entre o 66 e o 80% dos Servizos Sociais, dependendo do tamaño do Concello (canto máis pequeno, máis financia). Obviamente, non é certo.
2. A U.E. aporta financiamento do Fondo Social Europeo.

3. Os Concellos teñen que aportar entre o 20 e o 33% como mínimo, dependendo do tamaño. Tamén aquí hai grandes diferenzas.

Nesta situación, a capacidade dos concellos fica recurtada por ter que limitárense a xestionar competencias do goberno de Santiago e polo financiamento ruín da Xunta que conduce a un burocratismo que colapsa calquera servizo. Asemade os concellos teñen que asistir aos cidadáns sen ter seguridade de se van recibir fondos da Xunta ou non. En xeral, recíbese moito menos do que se gasta.

### Por que pasa isto?

Supoñamos que todos os concellos de Galiza estivesen nunha situación económica saneada, o cal é moito supor. Supoñamos que eses concellos gastan ben os seus orzamentos e desquitan gastos en persoal, alumeadado público, auga, saneamento, lixo, etc. Entre todos malamente darían xuntado 200 millóns de euros de libre asignación. Esa é a cantidade da que dispoñen todos os concellos de Galiza xuntos para obras, subvencións,

festas, cultura, deportes... e, por suposto, para políticas sociais.

Así pois, no caso óptimo, poderíamos pensar nun gasto do 2-3% do orzamento total. Isto é 40-60 millóns de euros é o límite que pode soportar a administración municipal.

Para rematar hai que engadir o famoso Plan Concertado: este ano, 8 millóns de euros.

### Pontevedra inviste máis de 35 euros habitante/ano en benestar social, máis do dobre da media nacional

Se sumamos todo non dá máis de 70 millóns de euros para todo o país. Traducido, ao redor de 18 euros por habitante e ano. Ou visto doutro xeito, nin a décima parte do que a Xunta e o Estado recortaron en política social.

En realidade a situación é moito peor porque grande parte dos concellos están nunha situación económica moi precaria e tamén porque parte dos concellos xa están facendo esforzos en políticas sociais ás veces alén das súas posibilidades. Por exemplo, en Pontevedra estamos por riba dos 35 euros por habitante e ano, dos que case 25 ponos o Concello.

A situación descrita até aquí refírese ao que se podía facer antes da Modificación da Constitución impulsada polo PSOE de agosto-setembro de 2010 e que foi apoiada polo PP; ás Leis de Estabilidade Orzamentaria tanto do PSOE como do PP e á modificación do Réxime Local que ten agora o PP en marcha. Todas elas teñen como finalidade o recorte, polas boas ou polas malas,

das prestacións das administracións públicas.

Xa que logo, se os concellos tiñan unha capacidade limitada, dende agora vana ter nula.

Enténdese que queiramos resolver todos os problemas, mais a reacción/proposta de tentar suplir os recortes en políticas sociais que teñen feito e seguen a facer o Estado e a Xunta desde os concellos gobernados polo BNG, resulta totalmente inviábel. Mellor dito, as competencias e a lexislación estatal estanna a facer totalmente inviábel, e polo tanto, o único que pode levar é a criar frustración. Prometer e impulsar o que logo non se pode facer non leva a ningún lado.

#### A situación económico-social

Por outro lado, o ataque sistemático, planificado, cruel e despiadado que o grande capital monopolístico, e as súas institucións políticas, ou sexa, UE, PSOE e PP, están a perpetrar contra as nacións periféricas e as súas clases populares (traballadoras, pensionistas, autónomos, pequenas empresas, labregas, mariñeiros...) están a levar a sociedade galega a unha situación límite.

### As políticas aprobadas tanto polo PP como polo PSOE teñen a mesma finalidade: o recorte das prestacións das administracións públicas

Se o envellecemento e a despoboación eran as tremendas consecuencias de anteriores decisións e agresións contra Galiza, este novo e reforzado ataque colócanos nunha situación de

auténtica emerxencia nacional e social. A pobreza, o paro, a precariedade son arrepiantes. A austeridade está a saírnos moi cara. As necesidades de traballo, de actividade

## As políticas do PP e do PSOE leváronnos a nunha situación de auténtica emerxencia nacional e social

económica, de suplir as consecuencias de roubos, como o das preferente e subordinadas, de suplir a miseria inducida pola guerra na que nos atopamos, fan que as posibilidades dos concellos estean radicalmente limitadas.

E entón é cando temos que pensar a que adicamos os poucos recursos municipais: a facer obras para manter a actividade económica? a tratar de suplir os recortes en políticas sociais que fixeron, fan e farán Xunta e Estado? a plans de emprego? a inserción laboral das mozoas? a actividades comunitarias que potencien a cohesión social? a facer promoción turística e económica?

### Non queda outra que escoller.

Cada sector, cada perspectiva, terá os seus argumentos. As persoas implicadas nas políticas sociais veremos como prioritario o noso campo. Outros verán os seus. O único certo é que se colla o camiño que se colla, non será máis que tentar achicar o mar a caldeiros. Nesta tesitura só queda unha proposta posíbel: loitar contra este sistema cruel e corrupto.

### Cales son as posibilidades de actuación?

Polo que levamos dito a marxe de movemento é mínima pero aínda así haina que aproveitar. Coñecer ben o marco no que estamos, a realidade sen adornos é condición fundamental para que ese aproveitamento sexa frutífero e o máis coherente posíbel.

Daquela, o máis importante que se debe facer desde esta área de traballo municipal, e desde todas, é denunciar, explicar, describir a ofensiva que padecemos do grande capital transnacional e os seus axentes políticos, o PP e o PSOE: o espolio das nosas empresas, o roubo dos nosos aforros, o desmantelamento dun país e da súa cultura. En definitiva, traballar no corpo a corpo con todos as persoas e colectivos.

## Compre desmontarmos o sistema cruel e corrupto para facermos unha política social ao servizo do país e as súas xentes

Só cando teñamos isto realmente clarificado será o momento de abordar outros asuntos nos que xa estamos a traballar en Pontevedra, como son a atención ao novo perfil de usuarios e usuarias, o aproveitamento das novas tecnoloxías, o centrar as prioridades nas mulleres ou o coordinar a todas as entidades que traballan neste ámbito.

É dicir, cómpre desmontarmos e sistema cruel e corrupto para logo facermos unha política social realmente centrada nas necesidades do país e das súas xentes.



As imaxes corresponden á manifestación de Queremos Galego que ategou as rúas de Compostela

## DISCURSO DE MIGUEL ANXO FERNÁNDEZ LORES NA HOMENAXE POPULAR A ROBERTO VIDAL BOLAÑO O 17 DE MAIO

### Comprometidos coa lingua e a cultura

Aquí estamos de novo, á sombra de Bóveda e na praza de Curros Enríquez, diante desta espléndida alfombra de cores confeccionada con tanto cariño polos amigos da Asociación de Veciños do Burgo e sobre todo dispostos a reivindicar con enerxía e intensidade ao galego como lingua de alegría, de comunicación e de vida.

Non hai xeito mellor de facer fronte a este gris panorama que nos pintan cada día os ladróns, os especuladores, os corruptos e os que están levando á ruina e o espolio a este país rico e fértil pero empobrecido polos ortodoxos do liberalismo e a globalización.

Alegría para enchernos de esperanza ante os ataques que sofre o galego, para poñernos do lado dos traballadores da cultura aos que se abandona aos rigores do mercado, no que as industrias culturais centralizadas abafan a culturas como a galega, que buscan o seu lugar no mundo.

Alegría para lles decir ben alto que non abandonaremos as bandeiras da normalización do galego. Que non nos parece ben a súa sumisión paifoca. Que por moitos idiomas de fora que nos vendan como panaceas para emigrar, a nosa lingua seguirá sendo a máxima expresión da nosa identidade, e non reuniremos a ela por nada deste mundo.

Alegría para defender a memoria de Roberto Vidal

Bolaño apoiando a cultura en toda a súa dimensión, e a cultura galega en particular, para que os nosos creadores, como o foi Vidal Bolaño, poidan vivir do seu traballo con dignidade; para que os nenos e as nenas deste país poidan achegarse a un teatro que fale de nós mesmos, que transmita a nosa herdanza simbólica e cultural e que contribúa a recuperar a nosa memoria e a situarnos no mundo contemporáneo para interpretalo con ollos de hoxe, pero coa sabedoría de séculos.



Alegría en fin, para explicar ben clarifino que a cultura dun país non se vende como a están vendendo; que o idioma de Galiza non se despreza como eles o fan; que a industria das ideas e da creación non se defende co seu frío desprezo a todo o que non aporte réditos monetarios inmediatos e sexa capaz de medrar na súa espiral de rendibilidade.

Propoñámonos derrubar os muros mentais que lles impide ver a realidade do galego e recuperemos con urxencia a vitalidade e o optimismo con que podemos xenerar máis e mellor fortuna para o idioma, para a cultura e para a realidade deste país que está loitando abnegadamente por mellorar, aínda que os poderosos non lle deixen.

Grazas polo voso compromiso.

Viva o idioma galego. Viva Galiza

SIMPOSIO, 7 e 8 DE XUÑO NO PAZO DA CULTURA DE PONTEVEDRA

## As mulleres na loita pola liberdade e os dereitos de Galiza

O Concello de Pontevedra desde as Concellarías de Cultura e de Patrimonio, comeza o mes de xuño, unha programación sobre a represión franquista contra as mulleres.

Desde o ano 2000, a Recuperación da memoria histórica estivo presente nas iniciativas do BNG no Concello, asemade no goberno da Xunta, desde a Consellaría de Cultura coa declaración do ano 2006 como Ano da Memoria, o BNG abriu unha serie de liñas de actuación, afondando no coñecemento da nosa historia e recuperando o noso pasado silenciado.

Diferentes actividades desenvolveráanse nos vindeiros meses e anos, de xeito continuado, na procura de escribir as páxinas aínda ocultas, de denunciar a historia terxiversada e de botar luz sobre as mentiras que seguen aínda vixentes na historia de Galiza. Máis unha vez o manto de silencio e de esquecemento instalouse na sociedade, a partir de 2009, coa chegada do PP ao goberno.

O obxectivo do programa é triplo: saber, divulgar e recoñecer:



*Denantes morta que aldraxada.*  
Castelao. Atila en Galiza



*Todo pol-a Patria, a relixión e a familia !*  
Castelao. Atila en Galiza

Atrás quedan os tempos nos que desde o BNG, na Consellaría de Cultura se promovía a investigación sobre o tema; malia o esquecemento e o menosprezo do PP, o compromiso co noso pasado fai que de xeito individual se continúe a traballar. O simposio “A represión franquista contra as mulleres” será unha posta en común das novas pescudas, que se darán a coñecer ao público participante.

A divulgación e o coñecemento son os pasos previos ao recoñecemento e ao agradecemento.

Simposio, filmes, exposicións, charlas e roteiro, achegarán aos barrios, ás parroquias e aos centros de ensino do concello as voces destas mulleres, que directamente nalgúns casos, nos farán partícipes dos seus testemuños, memoria viva do noso pasado e pilar fundamental na transmisión oral da nosa historia.

Esta singular homenaxe, centrada na figura da muller vítima e represaliada, durante e despois da guerra incivil, contribúe a visibilizar o papel da muller na construción da nosa historia e a recoñece o seu labor na loita pola liberdade, pola democracia e pola defensa dos dereitos de Galiza.



## A Xunta rouba a Pontevedra ao non completar o saneamento do Gafos

A Xunta vén de anunciar de xeito unilateral que non vai cumprir os acordos con Pontevedra e non vai construír o novo colector do Gafos, unha obra fundamental para rematar o saneamento da parroquia de Tomeza e máis do río. Este incumprimento unilateral supón, en palabras do noso compañeiro César Mosqueira “un roubo a Pontevedra de 1’2 millóns de euros”.

Nunha xuntanza celebrada este xoves 23 de maio, o Concello foi informado de que só se realizaran pequenas reparacións no colector existente e que se vai destinar o resto dos fondos a elaborar un informe sobre a situación da Ría de Pontevedra.

Denuncia o edil nacionalista que “é unha traxedia para o Gafos” e que o goberno galego incumpre un compromiso que está asinado co Concello de Pontevedra “e sen dar ningún tipo de explicación críbel”.

“Cando non hai motivos confesábeis, maréase a perdiz”, insistiu César Mosquera, que lembrou que o proxecto de saneamento do Gafos “viviu moitas vicisitudes no último ano e medio”, e estaba parado “porque a Xunta alegou que tiña que revisalo, logo de que estivese licitado e adxudicado”.

“Unha verdadeira traxedia para un río que necesita urxentemente desta actuación, para a parroquia de tomeza e para unha cidade a cada día máis orgullosa de poder gozar del”.

O Concello estudará xurídicamente esta decisión unilateral da Xunta de incumprir o convenio e esixirá a execución desta obra “vital” para o saneamento definitivo do río Gafos, a eliminación de pluviais para a estación depuradora e o saneamento de parte da parroquia de Tomeza.

## Novo torreiro en Tomeza

O Concello de Pontevedra iniciou esta semana o acondicionamento da parcela municipal situada ao carón da igrexa de Tomeza, que terá un uso diverso para a parroquia. Trátase dunha proposta de actuación avaliada e priorizada no Consello Parroquial, que servirá para ampliar o espazo de lecer dos veciños e veciñas na zona da central da parroquia, na que se desenvolven grande parte das actividades. Asemade, o investimento vai contribuir a definir o núcleo de centralidade parroquial.

Os traballos, cun custe duns 50.000 euros, realízanse por fases debido ás necesidades da obra, e respectará ao patrimonio, respetando o muro máis que centenario que rodea a finca e os restos edificados de significado valor cultural.

## Obras de sostemento dos espazos urbanos en San Amaro

O Concello de Pontevedra iniciou traballos de reparación das deficiencias na urbanización da unidade de actuación número 12, na rúa San Amaro, consistentes na reparación de afundimentos na beirarrúa e elementos de iluminación pública da urbanización realizada pola empresa promotora cun orzamento de case 30.000€.

É importante destacar que o Concello de Pontevedra esixiu á empresa a reparación da urbanización, dado que estaba en garantía. Deulle un prazo de tres meses de reparación de todos estes desperfectos. Transcorrido o prazo e logo de non obter resposta por parte da promotora, o Concello acordou a execución subsidiaria da obra á costa da empresa.

## O Concello mellora a mobilidade peonil e a seguranza no último treito da avenida de Vigo

O Concello de Pontevedra iniciará nos vindeiros días obras de mellora da seguranza viaria e da accesibilidade na avenida de Vigo. Estas obras foron priorizadas cos veciños, aínda que se é consciente de que a avenida necesita unha actuación en profundidade, de reforma urbana, pero que non se acometerá até despois da construción do desdoblamento, cuxos primeiros traballos poderán iniciarse este ano.

Os arranxos, que comezarán inmediatamente despois do remate das obras en Eduardo Pondal, consisten na creación ou reforma de beirarrúas e pasos de peóns que mellorarán a mobilidade peonil no último tramo da avenida de Vigo, e na colocación da sinalización horizontal e vertical precisa.



## O PP rexeita a demolición do encoro de Caldas

No debate dunha iniciativa no Parlamento Galego, a deputada do BNG Ana Pontón afirmou que a solución, debido aos problemas medioambientais e de asolagamentos que causa en Caldas de Reis, non pasa por baleirar o encoro -como se solicitaba na iniciativa- senón por proceder á súa demolición, ao rescate da concesión hidroeléctrica e que o río volva circular con normalidade.

A enmenda do BNG foi aceptada polo grupo propoñente, pero a iniciativa foi rexeitada cos votos do PP.

## O BNG denuncia a incapacidade do alcalde de Soutomaior para dirixir o Concello

O BNG de Soutomaior denuncia o parón na actividade que sofre o concello, que leva dous meses sen celebrar un pleno, dende que o pasado 14 de marzo Agustín Reguera decidira suspendelo, incapaz de ofrecer compromiso ningún aos estafados polas preferentes.

“Somos conscientes que o alcalde non pode solucionar por si só o roubo dos aforros aos nosos veciños e veciñas”, declara o Portavoz do BNG en Soutomaior, Fernando Herrero, “mais si que pode presionar ao seu partido, para que derroque o Decreto que legaliza a incautación dos aforros a máis de 100 familias de Soutomaior”.

O BNG de Soutomaior quere deixar claro o seu apoio ás protestas que están a levar a cabo os aforrados na rúa e nas institucións; e critica que a única resposta do alcalde sexa secuestrar a democracia e desaparecer.

Agustín Reguera está a aproveitar esta situación para recortar aínda máis o dereito democrático dos representantes da oposición a coñecer, discutir e aportar propostas de mellora para o noso Concello.

## O BNG-Barro solicita o mantemento do xulgado de paz e a gratuidade do rexistro civil

O goberno español quere eliminar os xulgados de paz que existen en todos os concellos e xogan un papel moi importante no achegamento da administración de Xustiza ás persoas usuarias deste servizo público. De feito nestes xulgados realízanse trámites de auxilio xudicial que lles evitan desprazamentos e custes económicos aos veciños e veciñas, como son as citacións e notificacións xudiciais ou a realización de conciliacións, entre outros aspectos.

Coa desaparición do xulgado de garda, os veciños e veciñas terán que desprazarse obrigatoriamente ao xulgado de instancia en Pontevedra, cos seguintes gastos.

Ao mesmo tempo, o PP pretende eliminar o rexistro civil, encomendando a súa competencia aos rexistradores da propiedade. Deste xeito, un servizo até agora gratuito pasará a ser de pago, e afectará a unha ampla maioría da poboación.

Coa reforma que pretende o PP, polo tanto, todos os veciños e veciñas terán que pagar pola expedición de documentos básicos (até agora gratuítos) que acrediten a súa situación persoal, e que son imprescindibles para, por exemplo, cobrar pensión, ou acceder a servizos sociais ou axudas públicas.

Para tentar frear este novo disparate do PP, o BNG vén de presentar unha moción para que o Concello rexeite a proposta do goberno do Estado de suprimir o xulgado de paz e darlle aos rexistradores da propiedade as funcións que cumpren os rexistros civís, de xeito que se garanta a gratuidade das súas funcións



**Que non nos desguacen  
o futuro !**

**Mauritania solución !**

**MANIFESTACIÓN**

Venres 24 ás 20:30 h.  
Alameda de Marín



O BNG defende os lexítimos intereses da nosa flota no caladoiro mauritano e apoia a manifestación dos mariñeiros para reclamar da UE a supervivencia da flota cefalopodeira, o venres 24 de maio ás 20:30 h. desde a alameda de Marín.



**Paremos a destrución do noso territorio !**

O Plan de actividades extractivas aprobado pola Xunta abre Galiza en canal ás empresas transnacionais mineiras e converte todo o país en potencialmente explotábel sen ningún criterio de país en termos económicos, sociais e medioambientais.

Este plan supón volver a unha economía do século pasado baseada na espoliación dos nosos recursos naturais por empresas foráneas, que detraen a riqueza do país sen beneficio para o noso tecido produtivo.

O Domingo 2 de xuño ás 12 h. haberá unha manifestación na alameda de Compostela

CHARLAS INFORMATIVAS

**2018**  
**PLATAFORMA**  
contra a prórroga a ENCE

**POR UN MODELO SUSTENTÁBEL PARA A COMARCA**

**HAI ALTERNATIVAS...**

**Charla-Coloquio:**

Por un modelo de desenvolvemento sustentábel e socialmente xusto das Rías galegas. *Alberto de Coó, biólogo, experto en recursos mariños.*

Outra alternativa para o monte galego. *Xosé A. Pereira Martínez, presidente da ORGACCCMM.*

Presenta: Antón Masa (presidente da APDR)

**CASA DAS CAMPÁS**  
**Mércores 29 de maio, ás 20:30 h**

2013

**Xoves 30 de maio / 20:30 h.**  
**Escola de Cabanas**

**ACTO PÚBLICO:**  
**Cambiamos este sistema cruel e corrupto**

• Demetrio Gómez  
• Luis Bará  
• Miguel Anxo Fernández Lores

### MANIFESTACIÓN CONTRA O SAQUEO DE GALIZA

Pontevedra, 10 de maio



### MANIFESTACIÓN EN DEFENSA DO IDIOMA

Compostela, 17 de maio



### FOLGA DO ENSINO

Pontevedra, 9 de maio



# A represión franquista en Galiza (1936-1975)

As mulleres, vítimas da represión, protagonistas da resistencia

7 e 8 de xuño. Pazo da Cultura de Pontevedra

## VENRES 7 DE XUÑO

- 16:30 H. RECEPCIÓN DE PARTICIPANTES
- 17:00 H. ACTO DE APERTURA
- 17:15 H. CONFERENCIA DE APERTURA:  
**CARME BLANCO: Memoria, mulleres, represión, resistencia e liberación**
- 18:00 H. CONFERENCIA  
**ANDRÉS DOMÍNGUEZ: Presentación dos resultados do proxecto Nomes e Voces. Represión e muller**
- 18:30 H. COLOQUIO
- 19:15 H. MESA REDONDA coa participación de mulleres represaliadas e resistentes

## SÁBADO 8 DE XUÑO

- 10:30 H. CONFERENCIA:  
**JULIO PRADA: Franquismo e represión de xénero en Galiza**
- 11:30 H. CONFERENCIA  
**ANA CEBREIROS: "Mujeres para España". A sección feminina de Falange**
- COLOQUIO
- 13:00 H. CONFERENCIA  
**XOSÉ ÁLVAREZ CASTRO: A represión contra as mulleres en Pontevedra**
- 17:00 CONFERENCIA  
**LUÍS BARÁ E CARME VIDAL: Políticas públicas da memoria en Galiza (2005-2009). Mulleres con memoria.**
- 17:45 CONFERENCIA  
**VICTORIA MARTINS: Galegas nos cárceres franquistas.**
- 18:30 COLOQUIO
- 19:15 CONFERENCIA DE CLAUSURA  
**AURORA MARCO: Galegas na resistencia antifranquista**

SIMPÓSIO

Arenega